

**AO CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
AO SECRETARIO XERAL DE EDUCACIÓN E FP**

En agosto de 2020 o grupo parlamentario do PP presentou no Parlamento galego unha proposta na que se instaba á Xunta a ampliar a rede de Centros Integrados de FP. A proposición aprobouse no Parlamento en decembro de 2020. A CIG-Ensino ten coñecemento de que a Inspección educativa está a facer unha revisión da oferta educativa de determinados IES que imparten ESO, Bacharelato e FP, de cara a estudar posíbeis cambios para o curso 2020/21, transformándoos en CIFP e reducindo a oferta de secundaria.

Existe a día de hoxe a posibilidade de que IES de todas as grandes áreas urbanas e dalgunhas vilas vaian ser transformados en Centros Integrados de FP. Na inmensa maioría dos casos estes cambios terían lugar en centros nos que actualmente se imparte ESO e Bacharelato.

Mediante este escrito demandamos da Consellaría de Educación, e concretamente da Secretaría Xeral de Educación e FP, información sobre a situación actual da posíbel transformación de IES en CIFP, e que esta información sexa posta en coñecemento e negociada con todos os sectores educativos e sociais afectados.

A creación no pasado de determinados CIFP nalgúns cidades supuxo que moito alumnado se tivese que desprazar fóra do seu barrio para cursar estudos da ESO, limitando a oferta nos centros públicos e mesmo favorecendo a centros concertados. O necesario incremento da oferta de FP non pode facerse a costa do resto das etapas educativas. De aí a nosa preocupación ante unha máis que previsíbel redución de aulas de ESO ou Bacharelato.

Neste momento, e no que respecta ao futuro do alumnado que se poida ver afectado pola obriga de cambiar de centros hai que ter en conta os prazos de matrícula (o 8 de febreiro de 2021 para a reserva nos centros adscritos, e do 1 ao 20 de marzo para o cambio voluntario de centro). Por outro lado, e no que afecta ao profesorado, agárdase tamén para mediados de marzo a adxudicación provisional do concurso xeral de traslados.

Todos estes trámites poden verse afectados pola decisión da Consellaría de eliminar as ensinanzas de secundaria en determinados centros, o que podería levar no caso do profesorado a unha modificación importante das vacantes a adxudicar no concurso ou mesmo a supresión ou desprazamento de moito profesorado se as prazas se adxudican definitivamente antes da decisión de crear os CIFP.

Por todo o anterior, a CIG-Ensino urxe á Consellaría a que se coñeza canto antes o plan establecido para a ampliación da rede de CIFP se finalmente esta é a decisión adoptada, que se negocie e acorde coa representación do profesorado, coas familias e alumnado afectado así como as administracións locais afectadas. O futuro dunha rede educativa, da etapa educativa que sexa, tamén da FP, non debe ser froito dunha decisión unilateral da Xunta senón dos sectores afectados por esas medidas.

Reciban un cordial saúdo.

Compostela, 31 de xaneiro de 2021

Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino